

Probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional inicial

Grao medio

Convocatoria ordinaria de 2013

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación

1.	Inscripción para as probas de acceso.....	4
2.	Proba	5
2.1	Estrutura	5
2.2	Cualificacións	5
2.3	Realización da proba	7
3.	Exencións	8
4.	Conservación das partes aprobadas.....	10
5.	Resolución administrativa.....	11
5.1	Certificación de superación da proba logo de rematada a convocatoria ordinaria.....	11

1. Inscripción para as probas de acceso

A quen van dirixidas as probas de acceso a ciclos formativos de grao medio?

Están dirixidas ás persoas que non cumpran os requisitos de acceso a ciclos formativos de grao medio. Os requisitos de acceso son:

- Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- Título de técnico dun ciclo formativo de grao medio de formación profesional específica.
- Título de técnico auxiliar de formación profesional.
- Segundo curso do bacharelato unificado e polivalente (BUP) rematado ou cun máximo de dúas materias pendentes no conxunto dos dous primeiros cursos.
- Segundo curso do primeiro ciclo experimental da reforma das ensinanzas medias (REM).
- Terceiro curso do plan de estudos de 1963 ou segundo curso de comúns experimental das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos.
- Outros estudos declarados equivalentes, para efectos académicos, con algún dos anteriores.
- Titulación universitaria ou equivalente, para efectos académicos.
- Módulos obrigatorios (módulos profesionais e módulos formativos de carácter xeral) dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI) cursados desde o curso 2011-2012.
- Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Proba de acceso á ciclos formativos.

Quen se pode presentar ás probas de acceso a grao medio?

Quen non cumpra os requisitos anteriores e teña cumpridos dezasete anos ou os cumpra no ano natural de celebración da proba.

Onde se pode presentar a solicitude de inscrición para as probas de acceso?

Nas secretarías dos institutos de educación secundaria (IES) e nos centros integrados de formación profesional (CIFP) onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

Cal e o prazo para presentar a solicitude para as probas de acceso a grao medio?

O prazo de presentación será entre os días 25 de febreiro e 8 de marzo de 2013, ambos incluídos.

As persoas que teñan superada unha proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos poden inscribirse na proba de acceso?

Si, poderán inscribirse á proba. Tamén poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos, presentando o certificado acreditativo de ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, na secretaría do centro correspondente nos prazos establecidos para a admisión. Para efectos de baremo no proceso de admisión a ciclos formativos, cando se acceda a través da proba de acceso para maiores de 25 anos a cualificación será de 5,00.

As persoas que teñan superada a proba de acceso para maiores de 45 anos teñen acceso a ciclos formativos?

Non, actualmente non está previsto na normativa, polo que a persoa que queira acceder a un ciclo formativo e careza dos requisitos para o acceso deberá presentarse á proba de acceso.

Pódese realizar a inscrición a só unha parte da proba?

A inscrición realízase á totalidade da proba, independentemente da solicitude de exención ou da acreditación dalgunha parte superada.

2. Proba

2.1 Estrutura

Cal é a estrutura da proba?

A proba consta de tres partes: sociolingüística, matemática e científico-técnica.

- A parte sociolingüística organízase en tres probas: lingua galega, lingua castelá e ciencias sociais.
- A parte matemática organízase nunha única proba, de matemáticas.
- A parte científico-técnica ten dúas probas: ciencias da natureza e tecnoloxía.

2.2 Cualificacións

Como se calcula a nota da proba de acceso?

A cualificación de cada parte da proba (sociolingüística, matemática e científico-técnica) será numérica, entre cero e dez puntos.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro puntos en cada parte (sociolingüística, matemática e científico-técnica), e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Considerarase aprobada a proba cando se obteña unha cualificación de cinco puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como "non apto/a". Non cómpre unha nota mínima nas materias de cada parte (sociolingüística, matemática e científico-técnica) para poder facer a media entre elas.

No caso de ter a exención nalgunha das partes da proba ou en todas, como se calcula a nota da proba de acceso?

Para efectos de cálculo da nota final da proba de acceso non se terán en conta as partes da proba das que a persoa participante fora declarada exenta. Así mesmo, no caso de exención de todas as partes da proba, a cualificación final será de cinco puntos.

Para efectos de admisión en ciclos formativos, a exención total da proba equivalerá a unha cualificación de cinco puntos.

Exemplos de cálculo de notas				
Parte sociolingüística	Parte matemática	Parte científico-técnica	Nota media	Nota final
7,00	5,00	8,50	6,83	6,83
6,00	5,50	4,00	5,17	5,17
4,00	6,00	4,00	4,67	Non apto/a
3,90	5,00	6,00	Non apto/a	Non apto/a
Exención	6,00	4,00	5,00	5,00
4,00	7,50	Exención	5,75	5,75
2,50	Exención	6,00	Non apto /a	Non apto/a
Exención	Exención	Exención	5	5

2.3 Realización da proba

En que data se celebrará a proba?

O día 23 de maio de 2013.

En que horario se desenvolverá a proba?

Presentación

- Ás 9:00 horas.

Parte matemática e parte sociolingüística da proba

- Das 10:00 ás 13:00 horas.

Parte científico-técnica da proba

- Das 16:00 ás 18:00 horas (ciencias da natureza e tecnoloxía).

Onde se celebrará a proba?

O día 7 de maio farase público o lugar ou os lugares onde se realizarán as probas. Esta listaxe publicárase nos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Que documentación é necesario levar o día da realización da proba?

O documento oficial de identidade e a copia da folla da solicitude de inscrición.

Que materiais se poderán empregar na realización das probas?

Bolígrafos de tinta negra ou azul, lapis e calculadora non programable.

Que máis hai que ter en conta para o día do exame

- Non se poderá acceder ao lugar de realización do exame con móbiles nin dispositivos electrónicos, agás as calculadoras permitidas para a realización das probas.
- O tribunal dará as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas. Non seguilas será causa de exclusión.

3. Exencións

Que exencións se poden solicitar?

Para ver todas as exencións que se poden solicitar, consúltese a seguinte ligazón:

[Acceso a nota informativa](#)

É posible solicitar a exención en lingua galega ou noutras materias superadas na ESO?

Non, só é posible solicitar a exención dalgunha das partes da proba pero non dunha materia en concreto.

A exención concedida en anteriores convocatorias ten validez para esta convocatoria?

Si, teñen validez as exencións concedidas a partir do ano 2009.

No caso de ter obtida a exención en anteriores convocatorias, que documento cómpre presentar xunto coa solicitude de inscrición?

O certificado da proba de acceso do ano 2009 ou posteriores onde figure a parte da proba como exenta. Isto é o que no apartado correspondente da solicitude aparece como: *Acreditación positiva da exención.*

Que son os módulos obrigatorios dun PCPI?

Con anterioridade ao curso escolar 2011-2012, os módulos obrigatorios dun PCPI correspondían ao primeiro curso de PCPI e incluían a formación en centros de traballo.

Segundo a normativa actual e desde o curso 2011-2012, os módulos obrigatorios dun PCPI son os módulos específicos profesionais e os módulos formativos de carácter xeral que se cursan no primeiro e no segundo curso dun PCPI.

En que casos o alumnado dun PCPI pode solicitar a exención da parte científico-técnica?

O alumnado que cursara os módulos específicos profesionais con anterioridade ao actual curso 2012-2013 poderá solicitar a exención da parte científico-técnica no momento de se inscribir para a proba. Para iso deberá presentar, xunto coa solicitude de inscrición, unha certificación acreditativa de ter superadas estas ensinanzas.

O alumnado que neste curso 2012-2013 supere os módulos profesionais, agás a formación en centros de traballo, na terceira avaliación parcial do primeiro curso do réxime ordinario ou do segundo curso do réxime integrado, en calquera das modalidades dun programa de cualificación profesional inicial, poderá solicitar a exención na parte científico-técnica a través da resolución administrativa (desde o 19 de xuño ao 27 de setembro).

En que casos se pode solicitar a exención por ter superados os ámbitos social, de comunicación e científico-tecnolóxico dun PCPI?

Quen superara, en cursos anteriores ao curso 2012-2013, os ámbitos social e de comunicación dun PCPI pode solicitar a exención da parte sociolingüística da proba.

Quen superara, en cursos anteriores ao curso 2012-2012, o ámbito científico-tecnolóxico pode solicitar a exención das partes matemática e científico-técnica.

Os referidos ámbitos impartíanse no segundo curso dun PCPI.

Desde o curso 2011-2012, as persoas que superaran os módulos obrigatorios dun PCPI teñen acceso directo aos ciclos formativos de grao medio, polo que non cabe xa a exención nos ámbitos social, de comunicación e científico-tecnolóxico, xa que estes se cursan con posterioridade aos módulos obrigatorios.

En que casos se pode solicitar a exención por ter superados os ámbitos social, de comunicación e científico-tecnolóxico de nivel II da ESA?

Quen teña superados os ámbitos social e de comunicación de nivel II da ESA pode solicitar a exención da parte sociolingüística da proba.

Quen teña superado o ámbito científico-tecnolóxico de nivel II da ESA pode solicitar a exención das partes matemática e científico-técnica.

Táboa resumo sobre PCPI e ESA		Exencións/acceso
Módulos específicos profesionais, con o sen FCT		– Exención da parte científico-técnica
▪ 2º curso dun PCPI (primeiro cuadrimestre). Desde o curso 2011-2012	Módulos específicos profesionais	– Acceso a ciclos formativos de grao medio (non teñen que realizar a proba)
	Módulos de carácter xeral	
▪ Nivel II ESA	Ámbito comunicación	– Exención da parte sociolingüística
	Ámbito social	
	Ámbito científico-tecnolóxico	– Exención da parte matemática – Exención da parte científico-técnica

Que documentación cómpre presentar no caso de traballadores por conta allea que soliciten a exención da parte científico-técnica por teren como mínimo un ano de experiencia laboral en xornada completa?

Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou da mutualidade laboral que corresponda (vida laboral), onde conste a empresa e o período de contratación.

Que documentación cómpre presentar no caso de traballadores por conta propia que soliciten a exención da parte científico-técnica por teren como mínimo un ano de experiencia laboral en xornada completa?

- Certificación do período de cotización no réxime especial de autónomos.
- Certificación da inscrición no censo de obrigados tributarios.

Logo de solicitada a exención dalgunha das partes, poderanse presentar ao exame desa parte?

Se a exención está concedida, non.

4. Conservación das partes aprobadas

Durante canto tempo se conservan as partes aprobadas da proba?

A superación da totalidade da proba non ten caducidade.

No caso de superar só algunha das partes da proba, esta superación parcial conservarase durante dous anos consecutivos, e soamente terá validez na Comunidade Autónoma de Galicia.

É necesario presentar xunto coa solicitude de inscrición o certificado de resultados das probas de acceso de 2011 ou de 2012 para que se lle conserve a parte aprobada na convocatoria do 2013?

Non é necesario.

En que centros se poden solicitar os certificados das probas de acceso a grao medio do ano 2013?

Os centros emisores de certificados das probas de acceso a grao medio, cos seus centros adscritos de inscrición, publicaranse na páxina <http://www.edu.xunta.es/fp/>

5. Resolución administrativa

5.1 Certificación de superación da proba logo de rematada a convocatoria ordinaria

Pódese solicitar a certificación de superación da proba de acceso a grao medio se, con posterioridade á realización da proba, se cumpren os requisitos?

Si, é posible. Logo de finalizada a convocatoria de grao medio, as persoas que nas convocatorias de 2011, 2012 e 2013 superaran a parte sociolingüística, a parte matemática ou a parte científico-técnica na comunidade autónoma de Galicia, e estean en condicións de acreditar nas partes non superadas algunha das causas de exención previstas a continuación, poderán solicitar certificación de superación da proba.

Exencións (acreditando algunha das seguintes circunstancias)		
<ul style="list-style-type: none">2º curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).	Superación do ámbito comunicación. Superación do ámbito social.	– Exención da parte sociolingüística.
<ul style="list-style-type: none">Nivel II de educación secundaria para as persoas adultas (ESA).	Superación do ámbito científico-tecnolóxico.	– Exención da parte matemática. – Exención da parte científico-técnica.
<ul style="list-style-type: none">Superación dos módulos específicos profesionais dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).		
<ul style="list-style-type: none">Dispor dun certificado de profesionalidade de calquera nivel, consonte o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.		– Exención da parte científico-técnica.
<ul style="list-style-type: none">Acreditación como mínimo dun ano de experiencia laboral en xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballara.		

Onde se pode facer esta solicitude?

En calquera dos institutos de educación secundaria ou centros integrados de formación profesional onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

En que prazo?

Desde o día 19 de xuño ao 27 de setembro de 2013.

Onde se recolle este certificado?

Nos centros designados para emitir certificados na convocatoria ordinaria de 2013.